



BANDO

Dona MAYRA GARCÍA BERMÚDEZ, Alcaldesa-Presidenta do Concello de Trabada, FAI SABER:

Que o 13 de xaneiro do 2022 publicouse no Diario Oficial de Galicia a Resolución da Axencia de Turismo de Galicia pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de **SUBVENCÍONS PARA ACTUACÍONS DE MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS DOS ESTABLECEMENTOS TURÍSTICOS DE ALOXAMENTO E DE RESTAURACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA** e se convocan para o ano 2023.

- **PERSOAS BENEFICIARIAS:**

- o Persoas físicas e xurídicas titulares de establecementos turísticos de aloxamento e de restauración que reúnan os requisitos das bases. No caso de empresas deben ser PEMES. As entidades deberán estar autorizadas ou clasificadas no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Xunta de Galicia (REAT). Deberá acreditar unha antigüidade da actividade turística de aloxamento e restauración no establecemento para o que solicita a subvención non inferior a 5 anos á data de solicitude da axuda.

- **GASTOS SUBVENCIONABLES:** Consideraranse actuacións subvencionables todas aquelas que se inicien a partir do 1 de xaneiro de 2023.

- o Os investimentos netos en que incorrese a entidade solicitante como consecuencia da realización de proxectos acordes cos requisitos e criterios indicados.
- o Ademais dos gastos de obra vencellados coa execución do proxecto, serán gastos subvencionables os servizos profesionais vinculados ao proxecto, como honorarios técnicos de redacción do proxecto e de dirección de obra. Os honorarios técnicos non serán superiores ao 6% do investimento neto admitido.





- o No caso de superar as contías na normativa de contratos para os contratos menores, o beneficiario deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores con carácter previo á contratación da obra, ou a adquisición do ben.

- PRAZO PARA PRESENTAR AS SOLICITUDES:

Un MES contado a partir do día seguinte ao da publicación no DOG. Dende o 14/01/2023 ata o 13/02/2023.

- FORMA DE PRESENTACIÓN:

Obrigatoriamente a través de medios electrónicos mediante o formulario normalizado (Código de procedemento TU503A) dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=TU503A> **precisando certificado electrónico ou mediante a Chave365.**

- PRAZO PARA A XUSTIFICACIÓN:

Ata o 31 de outubro de 2023.

Para a consulta das bases e da documentación que se deberá presentar coa solicitude así como os gastos subvencionables prema na seguinte ligazón:

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2023/20230113/AnuncioG0256-271222-0001_gl.html

En Trabada, asinado dixitalmente pola Sra. Alcaldesa na data que figura na marxe.

